



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º: 0115888. C.I.F.: P1508900F. Teléf.: 981889000 – Fax: 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre. 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

SUMARIO

Trámite de consulta pública previa da Ordenanza Municipal de Administración Electrónica do Concello de Val do Dubra

TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da Ordenanza Municipal sobre administración electrónica substanciarase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, en que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de 20 días a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

O novo marco normativo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pretende consolidar un novo modelo de xestión pública, baseado na información á cidadanía, a redución e simplificación dos trámites administrativos, a mellora do funcionamento dos servizos e a continua incorporación de novas tecnoloxías da información e da comunicación, aplicadas á



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º: 0115888. C.I.F.: P1508900F. Teléf.: 981889000 – Fax: 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre. 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

	<p>xestión administrativa, co obxectivo de reducir os custos en termos económicos e sociais que as administración imponen aos cidadáns e empresas. É necesario que o Concello de Val do Dubra avance de forma decidida no establecemento dun novo modelo integrado de relacións coa cidadanía, empresas e outras administracións con base no desenvolvemento do funcionamento electrónico.</p>
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<p>Preténdese poñer fin á dispersión normativa e dotar ao concello dun marco xurídico básico, integrado por auténticas normas xurídicas, facendo uso da potestade regulamentaria municipal recoñecida polo artigo 4.1.a) LBRL. En particular, axústase ao principio de necesidade e eficacia ao cumprir coa obriga de adaptar a normativa municipal aos requirimentos das novas leis 39/2015 e 40/2015 polo que actúa no marco definido concretando a súa aplicación cunha eficacia que non é meramente interna, senón que afectará de forma directa ás persoas, polo que a seguridade xurídica esixe que se aproben polo órgano que ten atribuída a potestade regulamentaria.</p> <p>Ademais quérese dar satisfacción aos principios de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para o fin que se persegue, transparencia, na medida en que reforza as garantías que o rodean e favorece o seu cumprimento, así como de seguridade xurídica, posto que se realiza co fin de manter un marco normativo estable, predicible, integrado e claro.</p>
Obxectivos da norma	<ol style="list-style-type: none">1. Desenvolver os principios que van informar á adecuada implantación no ámbito local do procedemento administrativo electrónico.2. Regulación das relacións dos cidadáns e as empresas a través da Sede e Rexistro electrónico xeral e outros medios electrónicos.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º: 0115888. C.I.F.: P1508900F. Teléf.: 981889000 – Fax: 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre. 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

	<ol style="list-style-type: none">3. Identificación e firma electrónica das persoas físicas e xurídicas e solicitantes externos aos servizos electrónicos.4. Identificación e firma electrónica do sector público do concello.5. Notificacións electrónicas.6. Política de xestión de documento e arquivo electrónico.7. Accesibilidade dixital.8. Especialidades das relacións electrónicas dos membros do concello, os seus organismos e entidades dependentes.9. Seguridade, reutilización e desenvolvemento de sistemas e aplicacións. <p>A ordenanza ten por obxecto a regulación dentro do ámbito das competencias atribuídas ao Concello de Val do Dubra das actuacións tramitadoras en relación coas leis 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos</p>
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	O desenvolvemento da lexislación estatal e autonómica por parte das entidades locais levarase a cabo necesariamente a través da potestade regulamentaria municipal que leva consigo a elaboración de ordenanzas e regulamentos

En consecuencia este concello considera conveniente ditar a súa propia ordenanza que sirva ademais de soporte xurídico ao portal de transparencia municipal.

Documento asinado electronicamente polo alcalde José Manuel Varela Ferreiro, en Val do Dubra